



Todo un cóctel de anticorpos




Nesta nova crónica vouvos falar de inmunidade; en concreto, do calostro, a primeira substancia que secreta o ubre tras o parto da vaca, o cal é moi rico en nutrientes, pero tamén en anticorpos, vitais para o xato que acaba de nacer.

Antón Camarero
Veterinario de Adial

As femias dos roedores son moi prolíficas e teñen partos case mensuais. O tipo de placentación é moi parecida á humana, porque en ambas as especies hai unha conexión moi directa entre a circulación materna e fetal. Isto permítelles ás defensas, anticorpos ou inmunoglobulinas pasar da nai ao feto. O inconveniente? Pois que os partos son moi hemorráxicos, xa que, ao desprenderse a placenta, se perde moito sangue.

Isto explica o funcionamento dun raticida coma a warfarina, que é un anticoagulante que inhibe a vitamina K. Cando unha rata ou rato femia consumiu warfarina, non lle funciona o mecanismo de coagulación. Por iso, tras o parto non é posible parar a hemorraxia tan abundante nesta especie, pois o seu sistema de coagulación está deprimido e a nai morre desangrada e as súas crías, de fame. Ademais, coma os partos



nestes roedores son case mensuais, é moi fácil que coincida a hemorraxia co consumo deste produto, polo que hai moitas posibilidades de que funcione.

O calostro nos bovinos

Pola contra, nos bovinos a conexión de placenta entre nai e cría non é tan íntima, pois interpóñense as membranas fetais facendo de filtros. Da nai ao feto os nutrientes poden pasar, pero non ocorre o mesmo cando se trata de moléculas máis grandes coma son os anticorpos. Cando nacen, os xatos non teñen anticorpos e dependen totalmente dos que lle vai proporcionar a nai **no calostro**, que


é o primeiro produto do ubre tras o parto.

O calostro, ademais de ser moi rico en nutrientes (dobra ao leite en graxa, azucres, proteínas e vitaminas), ten tamén anticorpos. Esta riqueza é maior nas primeiras horas e vaise diluíndo co paso do tempo, ata que aos dous ou tres días convértese, simplemente, en leite.

A densidade do calostro é un parámetro moi relacionado coa calidade, é dicir, coa cantidade de nutrientes e de anticorpos. As vacas paridas cun bo estado xeral teñen mellor calostro, así como tamén as vacas con máis dun parto (múltiparas). Ademais, no intestino os enterocitos forman unha monocapa que o reviste, deixando uns espazos para que poidan entrar estas defensas. Estas aperturas vanse estreitando coas horas desde o nacemento e a permeabilidade acaba pasadas vinte e catro horas.

Todo isto é o que di a ciencia e estes conceptos teóricos aproveitámoslos para a práctica (zootecnia). Como vimos que o primeiro calostro é o máis rico en anticorpos, canto antes llo deamos, máis aproveitaremos a permeabilidade do intestino para as inmunoglobulinas e, ademais, canta máis cantidade, máis defensas pasarán.

Unha vantaxe que presenta o calostro é que se pode conxelar e as súas propiedades mantéñense razoablemente ben durante seis meses. Pódese almacenar en bolsas ou botellas duns dous litros.



► O PRIMEIRO CALOSTRO É O MÁIS RICO EN ANTICORPOS. CANTO ANTES LLO DEAMOS, MÁIS APROVEITAREMOS A PERMEABILIDADE DO INTESTINO PARA AS INMUNOGLOBULINAS E, CANTA MÁIS CANTIDADE, MÁIS DEFENSAS PASARÁN

Podemos mellorar aínda máis o manexo facendo un control de calidade do calostro. Ás vacas múltiparas que pariron en boas condicións físicas e sen problemas sometémolas a unha proba sinxela e rápida: coa axuda dun “calostrímetro” (que non é máis que un densímetro adaptado a esta tarefa) medimos a súa densidade. Os calostros máis densos cualifícanse como “aptos” e conxélanse canto antes. Ante un nacemento, desconxélanmoslos lentamente e fornecémolos á xatiña recentemente nada.

Diarreas neonatais

Por último, cabe lembrar que o coronavirus bovino, xunto a un rotavirus, leva moito anos convivindo co gando vacún. Son os causantes da maioría das **diarreas neonatais** aos poucos días do nacemento. Existe unha práctica que, por experiencia, vos pode dicir que é moi eficaz contra estas diarreas (se a acompañamos de hixiene e o correcto manexo do calostro): consiste en vacinar as nais unhas semanas antes de parir para subir a taxa de

anticorpos contra estes virus en sangue. Estes anticorpos a través da glándula mamaria pasan ao calostro que mamará a xatiña. Deste xeito, un novo ingrediente contra os coronavirus e rotavirus reforza este cóctel de inmunidade. Por iso, estou seguro de que a ciencia non tardará moito en darnos tamén unha **vacina eficaz** contra o novo coronavirus humano. ■



**GRAN CALIDAD,
ALTO RENDIMIENTO**



MILLARES TORRÓN SL

Distribuidoras de arena, cal, serrín, paja, etc

Distribuidoras para camas avícolas modelo FS200

Distribuidoras manuais de camas

Disponemos de **enganche** para cualquier tipo de manipuladora telescópica, pala o tercer punto a tractor.

**PÍDENOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

www.millarestorron.com

📍 Carretera de Santiago Km. 5 Lugo
☎ 982 221 966
✉ correo@millarestorron.com